

UNIDADE DIDÁCTICA ESO E IDADE ADULTA

IDADE RECOMENDADA: 12 anos ou máis.

DURACIÓN: 1 sesión de 40-50 minutos (o profesorado e as persoas monitoras adaptarán á duración das sesións do seu centro educativo ou espazo de traballo).

OBXECTIVOS XERAIS

1. **Coñecer a realidade na que viven millóns de persoas,** que non poden exercer o seu dereito á educación, ben por falta do investimento necesario ou por situacións de conflito, violencia, desastres naturais, crises sanitarias, cambio climático ou desigualdade social.

2. **Comprender como a educación en emerxencias debe ser transformadora, inclusiva e proporcionar un espazo seguro** para garantir protección e un futuro mellor para as nenas, nenos e adolescentes, as súas familias, comunidades e países

3. **Comprender que a educación ten un impacto positivo** e é unha panca de cambio e transformación, xa que permite saír da pobreza, rematar coas desigualdades e vivir en sociedades máis xustas e sostibles.

4. **Coñecer os retos e obxectivos que nos quedan** para garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade para todas as persoas e en todas as partes do mundo durante toda a vida (ODS 4).

5. **Xerar conciencia crítica e transformadora, para que os centros educativos asuman o compromiso de crear** climas de convivencia positiva, tolerancia e respecto á diversidade promovendo comunidades educativas de acollida.

6. **Asumir, como cidadanía activa, a propia responsabilidade fronte a situacións inxustas e de desigualdade que xeran as situacións de emerxencia** e comprender que todas as persoas podemos facer algo para cambialas.

COMPETENCIAS CHAVE QUE SE TRABALLAN

Recollidas no Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e os ensinos mínimos da **Educación Primaria:**

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN

A educación é un dereito humano fundamental que permite o desenvolvemento individual e colectivo para construír sociedades que promovan a convivencia pacífica e as oportunidades de vida digna. A Axenda 2030 concrétao en varios dos seus obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Así, o ODS 4 subliña a educación equitativa, inclusiva e de calidade; o ODS 16 destaca a importancia de crear sociedades pacíficas e inclusivas; o ODS 11 busca cidades seguras e sostibles, o que incide na relevancia de educar á cidadanía consciente dos seus dereitos e responsabilidades; e o ODS 5 faise máis necesario ca nunca pola desigualdade de acceso á educación en situacións de emerxencia, especialmente para as nenas e mulleres.

Estímase que **no mundo 234 millóns de nenas, nenos e adolescentes sofren as consecuencias dos conflitos bélicos, o cambio climático, os desprazamentos forzosos e as crises prolongadas, o que desemboca unha vulneración do seu dereito á educación** (Entreculturas, 2024). A isto débese engadir 43,4 millóns de nenas e nenos que tiveron que fuxir dos seus fogares pola forza. (Entreculturas, 2024). Por estas circunstancias, en moitos casos estas nenas, nenos e adolescentes non poden ir á escola. Isto interrompe a educación e imposibilita que cumpra a súa función como elemento de paz e protección fronte ás consecuencias e impactos directos de novas crises e emerxencias na infancia, en relación con perigos como a trata, a explotación laboral, o recrutamento para a guerra, o matrimonio infantil, así como situacións de desprazamentos forzosos, emerxencia de saúde pública (epidemias, pandemias), desastres naturais e consecuencias do cambio climático (secas, inundacións, terremotos, tifóns, furacáns...), conflitos armados, crises esquecidas, fame e pobreza. As consecuencias desta situación agrávanse para as nenas e mulleres..



EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA, A EDUCACIÓN É MOTOR DE CAMBIO E SALVA VIDAS.

Contribúe a que nenos, nenas e adolescentes poidan superar situacións de angustia, terror, inseguridade, estrés, desenvolvendo a súa resiliencia, dotándoos de ferramentas e espazos seguros para unha recuperación física e emocional. Ademais, grazas á educación, seguen adquirindo habilidades básicas e rompen co círculo vicioso da inxustiza, o que garante oportunidades futuras de vida digna e sostible.



A educación en emerxencias é un dereito que debe estar en todas as axendas políticas cando se vai actuar en contextos humanitarios e de emerxencia. En 2023 non se logrou manter o crecemento do finanzamento da educación en emerxencias, cunha caída do 9 % respecto ao ano previo e dun volume de 805 millóns de dólares *(A educación en emerxencias. Unha táboa de salvación - Educo, 2023).*

A educación promove competencias persoais, emocionais, sociais e cívicas, á vez que permite o desenvolvemento académico das persoas. A educación en valores, transformadora, ou educación para unha cidadanía global que permita apreciar a riqueza da diversidade e facilite a comunicación coas demais persoas, é a única vía para erradicar a violencia e construír unha cultura de paz. Debe investirse en programas educativos flexibles e de calidade, que garantan un entorno seguro.

En resumo, **a educación é chave para fomentar a xustiza social e xerar desenvolvemento sostible da sociedade garantindo unha vida digna**. A súa promoción en situacións de emerxencia é crucial para lograr un futuro mellor, combatendo a pobreza e a desigualdade. Tamén se trata da única forma de acabar coa intolerancia e a violencia tanto nos entornos educativos como no conxunto da sociedade, e é unha ferramenta imprescindible para favorecer unha resolución pacífica dos conflitos e promover unha cultura de paz.

A consecución do ODS 4 non será efectiva se non se asegura o acceso á educación tamén en contextos de crise e emerxencias.

A CME AGRADECE

ás persoas implicadas na elaboración dos contidos destes materiais didácticos, así como a quen acepta estas suxestións e as pon en práctica co alumnado. Deste xeito, confirman o seu compromiso coa construción dun mundo mellor, conscientes do poder transformador da educación neste período, centrando a atención na súa garantía en situacións de emerxencia.

SESIÓN
CÁMARA, LUCES E ACCIÓN! (TEATRO DO OPRIMIDO)

MATERIAIS →

Post-its, bolígrafos, atrezzo (para levar a cabo o teatro), disfraces, lanterna.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN ↓↓

Se só hai unha sesión dispoñible, pódese escoller un ou dous dos casos presentados.

A metodoloxía que empregaremos nesta unidade didáctica será activa, participativa e artística, mediante o teatro e o movemento. Isto permitirá que o alumnado empatice e coñeza as dificultades ás que se enfrontan os nenos., nenas e adolescentes en situación de emerxencia para acceder a unha educación de calidade. En moitas ocasións se vulnera este dereito, e deixan de poder ir á escola. Isto favorecerá a reflexión sobre o que a educación achega en situacións de emerxencia.

O papel do profesorado terá que ver tanto coa preparación das dinámicas como a posterior dinamización das reflexións que se poidan extraer das escenas teatralizadas (sinálanse algunhas reflexións posibles, que se poden adaptar en función do alumnado e das dinámicas da aula).

As dinámicas aquí presentadas poden ser realizadas polo titor ou a titora ou calquera membro do equipo docente. Cremos que nesta sesión o espazo é moi importante. Suxerimos desenvolvela no salón de actos, no teatro ou naqueles espazos do centro axeitados para o movemento e a posta en escena.

O teatro do oprimido é unha técnica creada polo dramaturgo, escritor e director Augusto Boal (Río de Janeiro, 1931-2009). Estableceu as bases da teoría, da estética e da técnica dunha forma de representación teatral, comprometida coa realidade social vivida, que engloba co nome de «teatro dos oprimidos». «Unha formulación teórica e un método teatral baseados na pedagoxía do oprimido por Paulo Freire e en diferentes formas de arte, non só no teatro» (Baraúna, 2011, p. 44-45). A audiencia deixa de ter un papel pasivo a outro activo, comprende as causas das situacións propostas e propón cambios nelas para transformalas. Trátase dunha ferramenta de transformación social.

Na seguinte ligazón podes atopar todas as chaves desta ferramenta: https://drive.google.com/file/d/10CF3Vv6EjhzghEKtlRTtKNQzFB5GEbOU/view.

Vídeo sobre representacións de teatro do oprimido: La Hoja Blanca - YouTube (extraído de la Hoja Blanca).



PRIMEIRA SESIÓN: INTRODUCIÓN E PREPARACIÓN DO TEATRO DO OPRIMIDO →

DIME UNHA PALABRA E CONTINÚA

Tempo estimado de 15 minutos.

Antes de adentrarnos no mundo do teatro, quentamos motores cunha dinámica rompe-xeos: **Dime unha palabra e continúa.**

O alumnado atópase de pé e disperso pola aula.

Esta dinámica busca relaxar o corpo e a mente antes de participar no teatro do oprimido (inspírase na web https://pronombr.es/). Neste caso centramos a dinámica na temática que imos traballar este ano na SAME: Educación en emerxencias. O profesorado anima a andar pola sala e dicirlle o noso nome á persoa coa que nos atopamos. Ao dicirllo, dámonos a man e «cruzámonos»

os nomes. É dicir, trasladaremos o nome da primeira persoa á seguinte persoa coa que nos atopemos na sala, dándolle a man. Así, sucesivamente ata que todas as persoas dean a man a todas as demais. Cada vez que nos damos a man dicimos un nome diferente.

A continuación, o profesorado di en alto o lema deste ano: «Defende a educación, apaga a emerxencia». e explica que hai que pensar nunha palabra sobre educación en emerxencias e reproducir a mesma dinámica que anteriormente co noso nome, pero agora con algo relacionado con este novo tema.



Despois de facelo, volvemos á nosa cadeira e apuntamos en post-its, de xeito individual, as palabras que nos chegaron. A continuación, compartímolas en voz alta e podemos ir colocándoas no encerado para identificar que palabras percibimos como negativas e cales como positivas.

- Saíron máis palabras positivas? Máis palabras negativas?

- Que información nos chega das emerxencias? ¿E de onde nos chega? Medios de comunicación? Redes sociais?

- Chéganos información concreta sobre o dereito á educación nestas situacións?

Esta reflexión previa sentará as bases necesarias para desenvolver os escenarios do teatro do oprimido.

Sempre que reflexionemos co alumnado sobre os conflitos, debemos ter especial coidado coa linguaxe utilizada para evitar os discursos de odio (SAME 2024) (Anexo 1: Discursos de odio)

O profesorado proponlle ao seu alumnado a técnica do teatro do oprimido. A través da arte vivencial, queremos traballar catro situacións de emerxencia e como se vulnera o dereito á educación en todas elas. A proposta final será transformar esa realidade de emerxencia, na que se vulnerou o dereito á educación, nunha nova situación onde nenas, nenos e adolescentes si teñen acceso á educación, e ver que achega esta nova situación. O alumnado será protagonista desta técnica. Cremos que é unha ferramenta moi completa e participativa para abordar este tema tan necesario de tratar na aula e tan relevante na actualidade.

SEGUNDA DINÁMICA: PREPARACIÓN DO TEATRO DO OPRIMIDO

PRIMEIRO PASO:

A clase divídese en catro grupos. O profesorado entrégalle a cada grupo un papel coa temática para representar e o desenvolvemento da escena segundo o teatro do oprimido:



EMERXENCIA CLIMÁTICA

Entregarase nunha botella de plástico.



EMERXENCIA CONFLITO BÉLICO

Entregarase cun chifre ou serea.



EMERXENCIA MOBILIDADE HUMANA FORZADA

Entregarase cunha manta térmica ou, no seu defecto, cun zapato.



EMERXENCIA CRISE SANITARIA

Será entregado cunha máscara.

SEGUNDO PASO:

Tempo estimado de 30 minutos. Cada grupo le a súa historia, interiorízaa, destaca onde van poñer o foco da vivencia que van poñer en escena e repártense os papeis. Agora teñen que configurar o escenario de forma creativa. e con participación colectiva.

- Quen será a estudante palestina, o neno de Bangladesh ou a profesora peruana?

- Que outros personaxes son claves para desenvolver a escena?

- Como será o escenario?

- Van empregar outros elementos para decorar a escena?

- Vanse vestir?

Se necesitan máis tempo para preparar a escena da situación de vulneración do dereito á educación en situacións de emerxencia, poden utilizar outros momentos, como o recreo.



SEGUNDA SESIÓN: ESCENIFICACIÓN DO TEATRO DO OPRIMIDO

Estimamos 15 minutos para cada representación da escena, a continuación detallamos os tempos e desenvolvemento de cada paso da escena e da reflexión

1. REPRESENTACIÓN DE CADA SITUACIÓN DE EMERXENCIA

Tempo estimado de 5 minutos. O primeiro grupo representa a súa escena. Represéntase o conflito sen resolución. Para metérense máis no papel, poderán traer indumentaria acorde coa representación e a aula simulará un anfiteatro. A representación será froito das achegas de todas as persoas do grupo.

2. REFLEXIÓN COLECTIVA

Tiempo estimado de 5 minutos. Nas catro representacións imos ver situacións moi extremas e cotiás nas que se visibilizarán desigualdades, discriminación e inxustiza sobre o dereito á educación e a súa vulneración en situacións de emerxencia. O profesorado fomentará unha conversación participativa e enriquecida polos diferentes puntos de vista de quen acaba de representar a escena.

- Como se sentiron ao representala?

- Como foi o proceso de ambientación?

- Que quixeron representar? As persoas que viron a escena tamén darán a súa opinión.

- Que os espertou? Que percibiron? Como se sentiron? Se estivesen nesa situación, como se sentirían?

Pregúntaselle se a situación é próxima ou moi afastada a súa realidade. O papel do profesorado é moi importante para acompañar neste proceso para que todos se sintan libres, seguras e sumen neste espazo.

A continuación, o profesorado formula a seguinte pregunta, unha vez escenificada a situación de emerxencia: **Como se vulnera o dereito á educación?**

Reflexionarase espontaneamente sobre esta vulneración e formularase unha segunda pregunta: **Que pode achegar a educación nestas situacións?**

Como cambiaría esta escena se houbese acceso á educación?

O elemento desta SAME é a lanterna e terá unha visibilidade moi importante na aula. O alumnado deberá levar unha lanterna o día da representación.



A lanterna é a metáfora de que a educación dá luz en momentos de escuridade, que son os momentos de emerxencias e crises

Apelamos a unha realidade física de emerxencia na que as comunicacións e a enerxía se apagan, e ao simbolismo que dá a luz, que é a educación, e que nos evoca a esperanza e nos guía en momentos de angustia e de terror. Tamén ofrece ferramentas, seguridade, protección, resistencia e estabilidade para continuar en situacións de emerxencia e crise. Este elemento empregarase para a segunda parte do teatro.

Cada vez que alguén vai falar, collerá a súa lanterna. Pode acendela se quere, para darlle máis simbolismo e forza a aquilo que vai dicir sobre o dereito á educación e a súa achega en situacións de emerxencia.

3. REPRESENTACIÓN INCLUÍNDO A EDUCACIÓN NA ESCENA

Tempo estimado de 5 minutos. Unha vez expresado e compartido como cambiarían as escenas se os protagonistas tivesen acceso á educación nestas situacións, convídaselle ao público a participar e formar parte do cambio de escena, incluíndo as novas achegas reflexionadas.

Agora a escena que representarán incluirá o dereito á educación ante a situación de emerxencia.

As persoas que saen a transformar a escena levarán as súas lanternas físicas.

* Esta ferramenta do teatro ofrécenos a oportunidade de cambiar a realidade representada nas escenas anteriores. Así, fomentarase a capacidade que temos as persoas como axentes de cambio ante as inxustizas e como podemos transformar o mundo desde o local para acadar un impacto global.

No grupo aula compartiranse reflexións fundamentais suscitadas na sesión. O profesorado a cargo da

sesión, a modo de conclusión, pode explicar que achega a educación nestes espazos de emerxencias. O profesorado pode apoiarse no Anexo 3: Por que é necesaria a educación en emerxencias? Todas estas reflexións reflectiranse nas lanternas que logo se levarán ao PEE (Anexo 4: Silueta da lanterna).

CONCLUSIÓN DA SESIÓN →

Unha vez que realicemos as dinámicas propostas, reflexionemos co alumnado e teñamos as escenas realizadas e transformadas, só nos queda unha última parte: **a visibilidade de que achega a educación en emerxencias (lanternas) e do noso compromiso co dereito á educación.**

É importante concluír a unidade didáctica presentada de forma axeitada para conseguir non só gozar dun momento divertido, senón tamén para alcanzar os obxectivos propostos. Para iso, remataremos a sesión no Punto de Emerxencia e Evacuación (PEE). Todas as persoas participantes xuntas, colocando as diferentes lanternas xunto ao elemento da educación.

Dado que o PEE é común a todo o centro educativo e a todos os niveis, podedes atopar as instrucións para elaboralo no documento anexo que aparece na mesma páxina web na que se atopaba esta unidade didáctica.



que se os recursos non se axustan aos da túa etapa educativa ou che interesan outros, podes traballalos sen ningún problema, xa que son materiais moi versátiles e fáciles de adaptar.

ANEXO 1

DISCURSOS DE ODIO →

Desde a Campaña Mundial pola Educación (CME) sumámonos á definición do discurso de odio que o entende como toda forma de expresión que difunde, incita, promove e xustifica o odio racial (cultural, relixioso e/ou de procedencia), o odio á discapacidade, ás diferentes situacións de saúde mental, á diversidade sexual e de xénero, o machismo, a aporofobia ou outras formas de odio xurdidas da intolerancia e que minan a democracia, a estabilidade social, a paz e a cohesión/diversidade cultural e o pluralismo (baseada na definición da Rede de Investigación en Comunicación Comunitaria, Alternativa e Participativa, na súa Escola Itinerante de Comunicación). Riccap, VV. AA. 2017 e Nacións Unidas).

Desde a CME apostamos por unha educación que transforme os discursos de odio, que xeran dano tanto a persoas individuais como a colectivos sociais, a través dun enfoque crítico e holístico que, ademais de identificar as súas causas, nos mostre as súas consecuencias. Romper con estes discursos parécenos o camiño para construír un mundo máis xusto, humano e sostible. Cada paso que damos achéganos máis a conseguilo (SAME 2024).

ANEXO 2

SITUACIÓNS DE CRISE E EMERXENCIA

1. EMERXENCIA CLIMÁTICA: BANGLADESH

Proponse unha situación na que as inundacións son a causa pola que o alumnado pode perder o acceso á escola dun día para outro, o que significa que o seu dereito á educación está a ser absolutamente vulnerado. No debate posterior, podemos reflexionar sobre as causas do cambio climático e todas as súas consecuencias.

(Anexo Maribel). Estudas no colexio Laksam Pilot High School en Bangladesh. Como calquera outro día, espertas e érgueste na túa casa. Cústache un pouco, pero almorzas e pensas no próximo exame de ciencias. A túa nai está pola cociña preparándose para ir traballar a unha fábrica téxtil. Estará fóra da casa todo o día. A televisión está acesa. Aínda que hai días falábase de choivas monzónicas, hai un aviso laranxa por parte do Estado, onde se lle advirte á poboación de que será un día de choivas moi complicado e que deben saír da casa. Din que esta situación pode durar varios días e que as consecuencias poden ser devastadoras para as persoas que habitades na aldea.

De súpeto, comeza a chover con intensidade, pasando dunha chuvia lixeira a un tifón en cuestión de minutos, tan rápido que perdes a noción de en que momento ocorreu todo. Estás ante un tifón de impacto e consecuencias incalculables. A auga corre polas rúas levando todo por diante, os ríos saltaron ao aire, a luz apagouse, as comunicacións e por suposto interrompeuse Internet, os móbiles non funcionan e as ventás resoan que encollen o corazón. Abrazas á túa nai e sentes unha grande incerteza. Mestúranse moitas emocións: medo, angustia, rabia, tristeza, incomprensión, enfado. De súpeto, a túa vida nunca volverá ser a mesma. Unha semana despois, a túa aldea quedou completamente destruída, as choivas acabaron con todo o material e levaron moitas vidas por diante. O Estado habilitou barracóns nun descampado e agora mesmo estás nel canda a túa nai.

Aínda non atopaches ningún amigo. Entre a tristeza e a ilusión, buscades a vosa tía e primos. Todo cambiou nunha semana. A túa rutina nunca volverá ser a mesma. Do feito de non ires á escola, o que máis che preocupa é se volverás ver as túas amigas e amigos algunha vez.

Agora, a túa propia aldea converteuse nunha prisión. Non hai comunicación co mundo exterior, nin por teléfono móbil, nin por transporte, nin acceso a comida, nin a través dos medios de comunicación. Non podes contarlle a ninguén o que che pasou nin saber como están as túas amizades. Para sobrevivir, só che queda agardares por que chegue a axuda humanitaria.

Historia inspirada na seguinte noticia:
https://www.anred.org/2022/06/29/desastre-en-bangladesh-la-crisis-climatica-al-desnudo/

Animamos o profesorado a destacar estas ligazóns para coñecer máis sobre o fenómeno e as súas consecuencias: https://ciencia.nasa.gov/cambio-climatico/los-efectos-del-cambio-climatico/ y https://www.unep.org/interactives/emissions-gap-report/2023/es/#section_-1

Podes atopar máis información nas unidades didácticas da CME-SAME dos anos 2019 e 2020:
¡Rescatemos los océanos! y Defendemos la educación, sostenemos el mundo.

2. EMERXENCIA BÉLICA: PALESTINA

Proponse unha situación na que a violencia e o conflito bélico son a causa pola que o alumnado pode perder o acceso á escola dun día para outro, o que significa que o seu dereito á educación está a ser absolutamente vulnerado. No debate posterior pódese reflexionar sobre as causas da situación na Franxa de Gaza e Oriente Próximo e todas as súas consecuencias

Es unha alumna dun campo de persoas en situación de refuxio na franxa de Gaza desde hai 12 anos, non coñeces outro tipo de educación que a que tes alí, xa que a túa vida se desenvolve entre barracóns e axuda humanitaria, con total normalidade.

En outubro de 2023, a túa situación, a da túa familia e a de todos os que te rodean saltan polos aires. A vosa vida na Franxa de Gaza nunca volverá ser a mesma. A túa escola desapareceu e comezarás a vivir na incerteza. A situación é desesperante e inhumana. A violencia vai en aumento, e dáselles mensaxes contraditorias, lévanos dun lado para o outro, de día e mais de noite, coma se fosen mercadoría.

Deshumanizáronvos por completo. Deixaches de saber onde te espertas e onde haberás durmir cada día. Das camiñadas, moi longas, sen comer nin beber auga e con moito medo. Outras veces, obrígante a correr polos camiños, onde as bombas caen preto e todo se derruba. O ruído é angustioso. Estante a desprazar continuamente, nunha guerra que te está a destruír a ti e todo ao teu arredor. As bombas soan como parte do escenario que estades a percorrer sen saber a onde chegaredes, pero estades obrigados a facelo, sen poder cuestionar nada. Sentes medo, sentes dor, pena, noxo, preocupación, amargura, frustración, decepción, pánico e terror, moito terror. Non es libre, nunca o fuches, pero agora quitáronvos o pouco que aínda tiñades. Xa non vas á escola, onde xogabas e aprendías cos teus amigos.

Lembras todo iso como un soño borroso que nunca sucedeu. Sénteste triste, apagada, tes ganas de chorar todo o día. A túa nai e o teu pai danche moitas apertas para arrincarche sorrisos, pero dóeche moito o teu corpo, e sentes angustia e desesperación. Non entendes nada do que está a ocorrer. O teu dereito á educación está a ser completamente vulnerado. Non tes acceso á escola. Os teus soños están rotos e xa non che queda esperanza.

Historia inspirada no seguinte artigo:
https://www.unicef.org/es/emergencias/13-emergencias-que-exigen-mas-atencion-en-2024

Animamos o profesorado a darlle visibilidade a esta ligazón para coñecer o conflito que estalou en 2024:
https://unrwa.es/actualidad/sala-de-prensa/un-ano-de-masacre-y-decadas-de-sufrimiento-y-ocupacion/

Se queres escoitar historias reais, podes ver os vídeos de TikTok: Historias de alumnado palestino:
https://www.tiktok.com/@unrwa.es?lang=es

Podes atopar máis información nas unidades didácticas da CME-SAME 2018:
La educación el camino hacia la paz, ¡Deja tu huella!

3. EMERXENCIA DE MOBILIDADE HUMANA FORZADA: SUDÁN

Proponse unha situación na que a mobilidade forzosa é a causa de que o alumnado perda o acceso á escola dun día para outro, o que significa que o seu dereito á educación está a ser absolutamente vulnerado. No debate posterior pódese reflexionar sobre as causas desta situación co estalido do conflito en 2023 e todas as súas consecuencias. Tamén se poden abordar outras causas de mobilidade forzosa, como a procura dun futuro mellor, a pobreza, o cambio climático, a persecución política, a persecución por causa da identidade sexual, etc..

(Anexo Maribel). Es un neno de Sudán. O teu país leva moitos anos nunha crise humanitaria, pero o ano pasado estalou un novo conflito con consecuencias devastadoras. Sénteste como nun letargo perpetuo, sempre cunha sensación constante de vivir nun conflito, cuxas causas non entendes, pero que che fai vivir na pobreza, canda a túa familia, as túas amigas e os teus amigos. Esa é a túa normalidade Co estalido deste novo conflito, a axuda externa é a que vos dá alimentos, auga potable, apoio psicolóxico, educación e protección. Pregúntaste constantemente que están a facer os que te representan politicamente no teu país. Pero nunca tes respostas, e tampouco as persoas a quen lles preguntas. Este conflito aféctache, pero tamén lles afecta ao benestar doutros 24 millóns de nenas e nenos no teu país. Son cifras aterradoras, e 3 millóns de vós tivestes que fuxir porque a situación era insostible para sobrevivir. Este conflito, xunto coa falta de sanidade, educación, auga, alimentos e seguridade, fixo que se precipitase saírdes do voso fogar.

Relatas a túa situación do seguinte xeito: *«Agora atopámonos nunha caravana humana camiño de a quen sabe onde, sentimos que ninguén nos quere en ningures, botáronnos da nosa terra, da nosa casa, da nosa cultura, do noso fogar. Aínda que o ambiente era un pouco hostil, polo menos tiñamos cubertas todas as necesidades básicas. Sentíame parte dese lugar e agora non sei onde irei mañá nin se poderei comer. Seguimos os pasos do grupo no que camos, aínda que non creo que ninguén teña moi claro cal é o noso destino. Sen dúbida, saírmos da nosa contorna era a única vía para seguirmos con vida, malia a que non me sinta totalmente seguro e a que agora me pregunte se isto é vida».*

Antes de fuxir, na escola atopabas cor na escuridade na que te obrigaban a vivir. Aprendías, xogabas, falabas con quen máis querías, compartías vídeos de TikTok, a profesora ensinábavos moitas materias e facíao de forma entretida. Sentíaste ben e riádesvos moito. Era o momento do día no que desconectabas da realidade na que vivías.

Agora que tiveches que fuxir forzosamente do teu fogar, ninguén se acorda de que tes que ir á escola, non é prioritario, pero para ti era moi importante ir todos os días á escola e ver a quen te ensinaban e con quen xogabas. Agora o importante é seguir camiñando cara a un lugar máis seguro, buscando un refuxio onde as bombas queden cada día un pouquiño máis lonxe.

Historia inspirada no seguinte artigo:
https://www.unicef.org/es/emergencias/13-emergencias-que-exigen-mas-atencion-en-2024

Animamos o profesorado a darlle visibilidade a esta ligazón para saber máis sobre o conflito que estalou en Sudán en 2023: https://www.unicef.org/emergencies/emergency-response-sudan y
https://www.youtube.com/watch?v=ioxuJ3urlKU&t=50s

Podes atopar máis información nas unidades didácticas da CME-SAME 2016:
La educación nos protege, protejamos su financiación.

4. EMERXENCIA SANITARIA: PANDEMIA DA COVID-19

Proponse unha situación na que a pandemia de COVID-19 é a causa de que o alumnado perda o acceso á escola dun día para outro, o que significa que o seu dereito á educación está a ser absolutamente vulnerado. No debate posterior pódese reflexionar sobre as causas da situación da pandemia de COVID-19 e todas as súas consecuencias.

Es profesora nunha escola rural de Apurímac, nunha rexión montañosa do Perú. Chámaste Liliana e tes 45 anos. Sentes paixón por ser mestra, desde nena querías ensinarlle a outras persoas. Na casa dicíalles aos teus irmáns que sentasen no chan para ensinarlles a sumar e a restar. É unha vocación en ti.

Cando chegou a pandemia, esa vocación mantíñase intacta e máis forte ca nunca. O mundo paralizouse e a educación tivo que adaptarse coma toda a nosa vida. Sentícheste, nun primeiro momento, desbordada e confundida por como enfrontar esta nova situación, pero logo te adaptaches á nova realidade. As clases ían ser, a partir de entón, a distancia. As pantallas comezaron a coller forza e permitiunos entrar nas casas do alumnado e das súas familias.

Nesta nova situación, as fendas entre as familias fixéronse máis evidentes ca nunca. Puideches coñecer máis sobre a realidade do teu alumando e a súa realidade na casa. Pero non todo o teu alumnado tiña acceso ás pantallas, e quen si o tiña, en moitas ocasións perdía a conexión, o que facía que a comunicación fose inexistente e, polo tanto, que o dereito á educación fose vulnerado. Era imposible levar a cabo unha clase enteira sen ningunha desconexión. E a transmisión de coñecementos, temario, currículo, valores e entrega de tarefas converteuse nunha misión imposible. Non houbo acompañamento ao alumnado e ás familias. Na vosa zona, tampouco funcionaba a radio.

Neses primeiros momentos sentícheste frustrado e desanimado porque querías chegar ao teu alumnado, pero a situación era insostible e non había comunicación ningunha. Tamén puideches observar como as nenas que viñan á túa clase agora tiñan outras responsabilidades na casa, como funcións de coidados familiares e do fogar.

Amolábate porque os que te representan politicamente non estaban proporcionando os medios necesarios para garantir que a educación chegase a todos os fogares nestes momentos tan complexos, pero tan determinantes para non deixar de educar e de xerar espazos de protección, seguridade e desenvolvemento.

Enfrontábaste a unha realidade onde había nenas e nenos que non ían recibir as súas clases durante días, semanas, meses... Nin sequera o sabías porque a incerteza te invadía nesta nova situación que asolaba o mundo e afectaba directamente a infancia e a súa educación e xeraba unha maior fenda de desigualdade.

Inspirado na historia de Yaniksa
Profesora Yaniksa para CME (youtube.com)

Animamos o profesorado a ver este vídeo, que dura menos dun minuto, para coñecer a historia desta profesora e como xestionou a pandemia co seu alumnado.

Podes atopar máis información nas unidades didácticas da CME-SAME 2021-2022:
Mil millóns de voces

ANEXO 3

POR QUE É NECESARIA A EDUCACIÓN EN EMERXENCIAS?

Dende a CME defendemos e reivindicamos que a educación sexa unha prioridade nas axendas políticas e que poida cumprir as seguintes funcións en situacións de emerxencia.

1. PREVÉN E PROTEXE

Mantén a infancia afastada de situacións de conflito, do recrutamento como nenos e nenas soldado, da explotación sexual infantil, do tráfico de persoas ou do matrimonio infantil.

2. CURA E REPARA

Trátase dun espazo estratéxico onde as persoas, especialmente os nenos e nenas que viven situacións de violencia e emerxencia, poden atopar espazos de acollida e protección, xeradores de resiliencia e apoderamento.

3. RECUPERA EMOCIONALMENTE

A escola é un espazo de formación e expresión socioemocional que lle proporciona ao alumnado un lugar de acompañamento e recuperación.

4. FOMENTA A IGUALDADE

A escola é unha ferramenta esencial, un paso preliminar para construír unha aprendizaxe para sociedades non violentas baseada na igualdade e a non discriminación.

5. APODERA

Ofrécelles ás persoas, e especialmente ás nenas, a oportunidade de desenvolvérense e preparárense para a vida, que á súa vez lles permitirá ser axentes de cambio social e gozar das mesmas oportunidades e dereitos.


6. TRANSFORMA

Espazos que constrúen sociedades que promoven a convivencia pacífica e brindan oportunidades para unha vida digna.

A educación é sempre un dereito urxente que non se pode interromper. Sen educación, as nenas e nenos afectados por unha emerxencia enfróntanse a máis dificultades para saír adiante.

ANEXO 4

SILUETA DA LANTERNA



ANEXO 5

AUTORIZACIÓN

RECORDAD QUE para poder publicar y compartir las imágenes, vídeos u otros materiales donde aparece el alumnado de vuestro centro educativo es imprescindible contar con los **permisos adecuados** de sus madres/padres/tutores o representantes legales conforme son conocedores de que las imágenes serán difundidas por la Campaña Mundial por la Educación a través de sus redes sociales y a través de los canales de las entidades asociadas a la campaña.

Para poder difundir y alzar vuestras voces desde las cuentas en RRSS de la Campaña Mundial por la Educación (Facebook, Instagram, Twitter, Flickair, la página web u los medios de comunicación) dedicadas a la difusión de la SAME y la lucha por el cumplimento del ODS 4, como meta principal, os animamos a:

Compartir los materiales y fotos en la web y/o RRSS de vuestros centros y espacios educativos, etiquetando a la CME España (abajo el listado de las cuentas de la CME). Así desde la CME España podremos darle mayor difusión y llegar así a más ciudadanía.

También podéis compartirlo con la CME España enviando el material a **comunicacion@cme-espana.org.**
En el correo os pedimos que incluyáis la información básica:

• El nombre de centro/espacio educativo:

• Quienes han participado (Grado/Grupo/Clase):

• Fecha y el lugar (localidad, municipio, CCAA):

Importante, en el correo por favor, incluid el siguiente párrafo:

"[ENTIDAD], como participante de las actividades realizadas en el marco de la Campaña Mundial por la Educación autoriza el tratamiento de las imágenes y cede los derechos de explotación de las mismas a las entidades que integran la Campaña Mundial por la Educación (CME) que se compartan a través de este correo. La finalidad del tratamiento es dar a conocer o promocionar la CME, así como hacer difusión de la imagen, la voz y los materiales de los participantes a través de cualquiera de los medios o canales de comunicación de las entidades que integran la CME. Puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición u otros por correo electrónico a dataprotection@educo.org y consultar la política de privacidad en https://cme-espana.org/politica-de-privacidad /. La [ENTIDAD] garantiza que cuenta con los permisos pertinentes de las madres/padres/tutores/representantes legales de las niñas, niños y adolescentes objeto del tratamiento de datos personales e imágenes para su cesión a las entidades miembro de la CME."

He leído y acepto. Firma y sello: .....



Campaña Mundial pola
EDUCACIÓN
www.cme-espana.org

Co financiamento de:

Cooperación Española